

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

ACORDO do 20 de maio de 2025, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de outorgamento das autorizacións administrativas previa e de construción e de declaración de utilidade pública, en concreto, dunha instalación de distribución de enerxía eléctrica no concello de Brión (expediente IN407A 2024/237-1).

Expediente: IN407A 2024/237-1.

Solicitante/promotora: UFD Distribución Electricidad, S.A.

Denominación: Regulamentación LMT TA2-803 apoio 9SF44VVD//D49.

Concello: Brión.

1. Características técnicas:

– Substitución do apoio nº 9SF44VVD//D49 tipo 2xHP por tipo C-2000/16 da LMT TA2-803 Insuas-Presa-Urdilde Ponte 3 (expediente 25.715), procedente da subestación Tambre II. Retensado tramo LMTA a 20 kV en condutor tipo Pigeon, con orixe no apoio nº 9SEGF3DU//D48 existente e remate no apoio nº 9SIEDBPL//D51CT existente onde se sitúa o CT en edificio tipo pombal.

2. Lexislación de aplicación:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 2 de outubro).
- Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE núm. 310, do 27 de decembro).
- Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica (BOE núm. 310, do 27 de decembro).



- Resolución do 19 de febreiro de 2014, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción, de acordo co previsto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (DOG núm. 54, do 19 de marzo de 2014).

- Lei do 16 de decembro de 1954, sobre expropiación forzosa (BOE núm. 351, do 17 de decembro).

- Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o Regulamento da Lei de expropiación forzosa (BOE núm. 160, do 20 de xuño).

A relación concreta e individualizada dos bens e dereitos afectados que se considera de necesaria expropiación figura no anexo que se xunta con este acordo.

A declaración de utilidade pública, segundo o artigo 56 da Lei 24/2013, do sector eléctrico, levará implícita, en todo caso, a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación, para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

A documentación estará á disposición das persoas interesadas nas dependencias da Sección de Enerxía do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña (rúa Vicente Ferrer, núm. 2-2º andar, 15071 A Coruña), entre as 9.00 e as 14.00 horas, de luns a venres, así como no taboleiro de anuncios do concello. Ademais, poderá consultarse no Portal de transparencia e Goberno aberto desta consellería:

<https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalaciones-electricas-distribucion-e-transporte>

Isto faise público para coñecemento xeral e particular das persoas propietarias dos predios que figuran na relación anexa a este acordo, así como das persoas titulares de dereitos reais ou intereses económicos sobre os bens afectados que fosen omitidos. Poderán examinar a documentación técnica, e no seu caso, achegar as alegacións ou observacións que xulguen axeitadas no prazo de trinta (30) días, contados a partir do día seguinte ao da derradeira publicación deste acordo.

A Coruña, 20 de maio de 2025

Isidoro Martínez Arca
Director territorial da Coruña

CVE-DOG: ruueqb03-37a0-5dz6-xgd4-lpdvg4ndtr83





ANEXO

Relación de bens e dereitos afectados. Termo municipal de Brión

Nº parcela	Lugar e referencia catastral	Cultivo	Propietario/a	Afección de solo en pleno dominio		Afección de solo por servidume de paso de enerxía eléctrica			
				Apoio nº	m²	ml aé.	ml sot.	m² aé.	m² sot.
1	Prado de Arriba. Ref. catastral: 15013A014002270000UJ	Rústico/agrario	Descoñecido	Apoio D49	2.0				

Abreviacións:

ml aé.: lonxitude da servidume aérea en metros lineais

m² aé.: superficie de servidume aérea en m²

ml sot.: lonxitude da servidume soterrada en metros lineais

m² sot.: superficie de servidume soterrada

